

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS MONOMARENTAIS DE GALICIA (FAGAMOS)

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1. Coa denominación de **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS MONOMARENTAIS DE GALICIA (FAGAMOS)**, constitúese unha entidade ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación se constitúe por **tempo indefinido**.

Artigo 3. O **ámbito** no que vai a realizar principalmente as súas actividades abrangue todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. O **domicilio social** da Asociación establécese na Rúa República Arxentina, nº28-1ªA-15200 Noia (A Coruña).

Artigo 5. Cuestións preliminares.

- 1) Nos últimos anos, na nosa sociedade pasouse de considerar como único modelo de familia existente a tradicional con dous proxenitores (nuclear ou biparental), a unha maior diversidade familiar que abrangue outras opcións, entre as que se atopan as familias monoparentais.
- 2) Esta Asociación identifica e da cabida a dous xeitos de monoparentalidade:
 - **Familia monoparental**, que é aquela na cal só hai unha persoa proxenitora, sexa cal sexa a razón (é así de orixe, ou sobrevinda por defunción ou desaparición, perda de patria e potestade, etc.)
 - **Unidades familiares en situación de monoparentalidade**, que son aquelas onde hai nenos/as con dúas persoas proxenitoras, pero en situacións como as seguintes: a garda e custodia é exclusiva dunha persoa proxenitora, a proxenitora foi vítima de violencia de xénero por parte do proxenitor ou hai ausencia temporal forzada dunha das dúas persoas proxenitoras por diversos

motivos.

- 3) A inmensa maioría destas familias están encabezadas por mulleres, e por esa razón nesta Asociación decidimos empregar preferentemente o feminino na redacción dos nosos Estatutos, documentos e publicacións, e falamos de **monomarentalidade** co obxectivo de visibilizar a feminización e a fenda de xénero que caracteriza ás nosas familias, con independencia de cuestións semánticas ou etimolóxicas relacionadas co termo. O cal non supón que a Asociación estea restrinxida exclusivamente a mulleres, máis ben todo o contrario, calquera persoa que comparta os nosos fins e obxectivos e cumpra co recollido nestes Estatutos, ten cabida dentro da Asociación.

Artigo 6. Os fins da Asociación son:

- Servir de **plataforma representativa** das familias monomarentais de Galicia e reivindicar accións para a súa promoción e protección.
- **Asistir ás familias monomarentais** de Galicia no seu desenrolo integral dende dous principios básicos: a perspectiva de xénero e o interese superior do/da menor.
- Ser un **grupo de apoio** que sirva como intercambio de experiencias e información para calquera muller que se atope á fronte dunha familia monomarental. Promover a súa participación e a dos seus fillos e fillas na creación de espazos comúns de encontro, reflexión e aprendizaxe e de convivencia participativa.
- **Reivindicar** a necesidade de **apoyo institucional** tanto de organismos públicos coma privados, e en especial impulsar a creación dunha Lei de Familias Monoparentais de carácter integral, que nos defina, regule e protexa da discriminación actual, principalmente no ámbito da conciliación e o emprego, os sistemas de axudas públicas e o ámbito fiscal.
- Facer pulo para que a familia monomarental non sexa sinónimo da feminización da pobreza e apoiar as accións encamiñadas a **diminuír o risco de exclusión social** das nosas familias, en especial para as que se atopan en situación de vulnerabilidade relacionada con menores, xuventude, discapacidades, mulleres inmigrantes e vítimas de violencia de xénero.
- Loitar contra os elementos que inciden de xeito estrutural nas condicións socioeconómicas e vitais das familias monomarentais, co afán de acadar **melloras na nosa calidade de vida**, orientadas ó goce do ocio, a cultura, a vivenda, a educación e a saúde tanto para as nais coma para os nenos e nenas.
- **Promover a igualdade de dereitos das familias respectando a súa diversidade**, en especial os das familias monomarentais. Sensibilizar á sociedade dos nosos valores positivos, en especial polo potencial humano e social que supoñemos para facer fronte ó reto demográfico do noso país.
- Conseguir acabar co contexto onde **os coidados non teñen un valor económico**, a pesares de que supoñen un soporte vital e de primeira necesidade para a o mantemento do sistema, e están no centro das desigualdades de xénero que afectan

moi especialmente ás familias monomarentais.

- **Cooperar**, traballando en rede, tanto a nivel rexional, nacional coma internacional, **con outras entidades e Asociacións** orientadas a familias monomarentais, á protección do menor, a muller e á familia. Contribuír a fortalecer o tecido asociativo xa existente.

Artigo 7. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes **actividades**:

- **Divulgativas-Informativas**: para dar a coñecer a nosa realidade a través de diferentes canles (redes sociais, web, folletos, carteis, libros, congresos, conferencias, coloquios, medios de comunicación, etc..)
- **Reivindicativas**: para defender os dereitos profesionais, xurídicos, culturais, etc. tanto das nais como das súas fillas e fillos.
- **Colaborativas**: fomentando accións de voluntariado e servizos de apoio para o coidado de menores, escolas infantís, ludotecas, orientación a futuras nais soas durante a xestación, parto e posparto, etc., acollida temporal de nais e menores, apoio psicolóxico e social, etc.
- **Culturais e de ocio**: organizando actividades de tempo libre, deportivas, artísticas, etc. para as nais e os seus fillos e fillas.
- **Educativas-formativas**: en especial para favorecer a integración e promoción laboral das mulleres soas con menores ó seu cargo, de prevención da saúde en familia, de relación cas administracións, etc.
- **Investigación**: realizar calquera tipo de estudo que a Asociación considere de importancia.

Artigo 8. Para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das dúas actividades a Asociación, por medio da Xunta Directiva, poderá realizar cantas xestións sexan necesarias ante a Administración do Estado, Xunta de Galicia, Concellos, incluíndo as institucións de crédito oficiais e privadas, subscribindo toda clase de contratos e concertando acordos de prestación de servizos, asesoramento ou colaboracións, axudas e subsidios que pactara ou se lle concederan.

A Xunta Directiva outorgará, se fora necesario, os perceptivos poderes a favor de avogados/as e procuradores/as que defendan e representen á Asociación en cantas accións xudiciais teñan que comparecer para protexer os seus dereitos.

CAPÍTULO II

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 9. Composición

A **Xunta Directiva** xestionará e representará á Asociación, e estará composta necesariamente

por unha/un Presidenta/e, unha/un Secretaria/o e unha/un Tesoureira/o. Tamén poderán formar parte da Xunta Directiva unha/un Vicepresidenta/e e as/os Vogais que se determinen.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva as persoas asociadas que sexan maiores de idade, estean en pleno uso dos seus dereitos civís e non estean incurso en motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente. Iguales requisitos, excepto a condición de ser persoa asociada, deberán reunir as persoas físicas que actúen en representación dos cargos que sexan persoas xurídicas.

O cargo de Presidenta/e recaerá sempre nunha **socia fundadora ou socia/o numeraria/o** sendo posible a participación de socias/os protectoras/es e colaboradoras/es e representantes de persoas xurídicas coma membros da Xunta Directiva. A Asemblea Xeral será quen de asignar e revocar os membros da Xunta Directiva cuxo mandato terá unha duración de **catro anos**.

A Xunta Directiva anunciará a convocatoria de eleccións con, como mínimo, trinta días hábiles de antelación e establecerá un prazo de presentación de candidaturas e fará públicas as mesmas nos taboleiros de anuncios da Asociación (físicos ou virtuais). As candidaturas serán individuais, asignándose os cargos de acordo ó número de votos obtidos. As candidaturas poderán ser presentadas por iniciativa propia das/dos interesadas/os ou ben a proposta da/do Presidenta/e.

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Non obstante, calquera deles será compatible coa colaboración na xestión ordinaria da entidade mediante contrato laboral ou contrato mercantil, que poderá ser remunerada polas responsabilidades asumidas e que serán, en todo caso, distintas ás que asume como membro da Xunta Directiva. A compatibilidade enténdese como membro da Xunta Directiva e coma empregada/o ou asesor/a externo/a coa remuneración que propoña a Xunta Directiva e aprobe a Asemblea Xeral e que non poderá ser superior ás táboas salariais publicadas para o persoal laboral da función pública.

Artigo 10. Reunións

A Xunta Directiva se reunirá cantas veces o determine a súa Presidenta/e ou a iniciativa e petición da metade máis un dos seus membros.

Cando a/o Presidenta/e non convocara a reunión a proposta realizada pola cota definida de membros da Xunta Directiva, no prazo máximo de oito días e non teña motivado a súa negativa a dita convocatoria, calquera de elas/eles poderá convocar dita reunión e será comunicada de maneira que faga fe á Presidencia e ó resto de compoñentes, con cargo ós orzamentos da Asociación, quen deberá restituír o custo que supoña dita convocatoria.

A Xunta Directiva quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto da/do Presidenta/e será de calidade.

As reunións da Xunta Directiva poderán desenrolarse coa asistencia total ou parcial dos seus membros por medios telemáticos, sempre que se respecten os dereitos de asistencia, voz e voto.

As convocatorias anunciaranse por medios telemáticos e serán comunicadas por correo electrónico ós compoñentes da Xunta Directiva. Opcionalmente tamén se poderán publicar na páxina web da Asociación. Só en caso de non existir unha dirección de correo electrónico dispoñible, a comunicación farase por correo certificado con acuse de recibo ou sistema semellante.

Artigo 11. Facultades

As Facultades da Xunta Directiva se estenderán, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e orzamentos anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novas persoas asociadas.
- e) Tomar medidas extraordinarias, se foran necesarias, co obxectivo de non deixar fora da Asociación a ningunha persoa que queira asociarse pero non dispoña dos recursos necesarios, ou ben precise de calquera outra clase de axuda. A Xunta Directiva deberá informar na seguinte Asemblea destas actuacións de emerxencia, pero sempre de forma anónima para garantir a privacidade destas persoas. Entre estas actuacións de emerxencia se atopa a posibilidade de aprazar ou condonar o pago de cotas.
- f) Nomear delegados para algunha actividade determinada da Asociación e/ou establecer delegacións en calquera poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Crear as comisións de traballo que se consideren oportunas para a consecución dos fins sociais ou as actividades propostas nos Estatutos.
- h) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socias/os.

Artigo 12. Presidenta/e

O cargo de Presidenta/e terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así coma dirixir as deliberacións de unha e outra; ordenar pagamentos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen que isto lle exima de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 13. Vicepresidenta/e

A/o Vicepresidenta/e substituirá á/ó Presidenta/e na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa e terá as súas mesmas atribucións.

Artigo 14. Secretaria/o

A Secretaria/o terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de asociados e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais a inscribir nos Rexistros correspondentes, así coma a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 15. Tesoureira/o

A/o Tesoureira/o recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida a/o Presidenta/e de xeito mancomunado coa Presidenta/e ou outra/o compoñente autorizada/o da Xunta Directiva, deixando constancia dos pagos por calquera medio telemático.

Artigo 16. Vogais

As/os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo coma integrantes da Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballos que a Xunta lles encomende.

Artigo 17. Réxime de baixas e suplencias

As/os compoñentes da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva ou por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas, mediante acordo da Xunta Directiva. As vacantes que se produzan por estes motivos se cubrirán provisionalmente polos demais integrantes da Xunta Directiva ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada a tal efecto. Igualmente a Xunta Directiva poderá admitir unha persoa substituta para esta vacante entre as persoas asociadas, que deberá ratificarse na seguinte Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria que se convoque.

Tamén poderán causar baixa por expiración do mandato. Aqueles que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza o seu relevo tras o proceso electoral.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 18. Natureza e composición.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todas as persoas socias con dereito a voto.

Artigo 19. Reunións

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio; as extraordinarias se celebrarán cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/o Presidenta/o, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte das persoas socias.

Artigo 20. Convocatorias

As convocatorias anunciaranse por medios telemáticos e serán comunicadas por correo electrónico ás persoas asociadas con dereito a voto. Opcionalmente tamén se poderán publicar na páxina web da Asociación. Só en caso de non existir unha dirección de correo electrónico, a comunicación farase por correo postal.

Nas convocatorias se indicará lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día co detalle dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán que mediar polo menos quince días, facendo así mesmo constar, se procede, a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra, poida mediar un prazo inferior a media hora.

Cando a Xunta Directiva non teña convocada Asemblea Xeral a proposta feita pola cota definida de persoas asociadas, no prazo máximo de 8 días, e non teña motivada a súa negativa a dita convocatoria, calquera das persoas asociadas poderá convocar dita Asemblea cos prazos e requisitos indicados anteriormente neste mesmo artigo, e será comunicada de maneira que faga fe á entidade e ó resto de persoas asociadas, con cargo ós orzamentos da Asociación, quen deberá restituír o custo que supoña dita convocatoria.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán constituídas de xeito válido na primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo das persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de persoas asociadas con dereito a voto.

As reunións da Asemblea Xeral poderán desenrolarse por medios telemáticos, coa asistencia total ou parcial dos seus membros, sempre que se respecten os dereitos de asistencia, voz e voto.

Artigo 21. Facultades

Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.

- c) Nomear e cesar ás persoas que conforman a Xunta Directiva e administradores.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Aprobar a disolución da Asociación.
- f) Modificar os Estatutos.
- g) Dispoñer ou enaxenar os bens.
- h) Aprobar, de ser o caso, que as persoas que conforman a Xunta Directiva poidan ter compatibilidade coa súa actividade profesional dando servizo á Asociación e a súa remuneración.
- i) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- j) Aprobar os acordos para constituír unha Federación de Asociacións ou integrarse ou separarse delas.
- k) Calquera outra que non sexa competencia de outro órgano social.

Artigo 22. Adopción de acordos.

Os acordos tomaranse por **maioría simple** das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

Será necesaria a **maioría cualificada** das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos a:

- a) A disolución da entidade.
- b) A modificación dos Estatutos.
- c) Disposición ou enaxenación de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Remuneración dos compoñentes da Xunta Directiva, nos supostos recollidos nestes Estatutos.

CAPITULO IV

PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 23. Poderán pertencer á Asociación tódalas persoas que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación, acepten os Estatutos e resto de normas que regulan a mesma e reúnan os requisitos para a súa admisión.

Artigo 24. Clases de persoas asociadas e requisitos para a súa admisión:

- a) Socias fundadoras: son as persoas físicas que participaron na constitución da Asociación e asinaron a súa Acta Fundacional.
- b) Socias/os numerarias/os: as persoas físicas que se integren na Asociación despois de constituída
- c) Socias/os de honra: As que polo seu prestixio ou por ter contribuído de xeito relevante ó desenvolvemento da Asociación o dalgún dos seus fins, se fagan merecedoras de tal distinción.

O seu nomeamento corresponderá á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva e/ou socias fundadoras e/ou numerarias, e poderá recaer tanto en persoas físicas coma xurídicas (públicas ou privadas), Entidades ou Corporacións, con capacidade de obrar. A distinción como socia/o de honra é compatible cas outras tipoloxías de socia/o.

d) Socias/os protectores: Aquelas persoas físicas ou xurídicas, nomeadas polas persoas socias fundadoras e/ou numerarias/os e admitidas pola Xunta Directiva, por ter colaborado de modo relevante mediante achegas económicas, materiais, etc. á consecución dos fins da Asociación.

e) Socias/os colaboradoras/es: Aquelas persoas físicas ou xurídicas, nomeadas polas socias fundadoras e/ou numerarias/os que, por dedicar o seu traballo, esforzo, coñecemento, ou calquera outra achega inmaterial á consecución dos fins da Asociación, sexan aceptadas como tais.

Artigo 25. Baixa de persoas asociadas.

A calidade de persoa asociada poderá perderse por calquera das seguintes causas:

- a) Baixa voluntaria, que deberá presentarse por escrito.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer de forma continuada as cotas periódicas a que estea obrigada.
- c) Infracción dos Estatutos.
- d) Por danar á imaxe da Asociación ou danar ou impedir o seu correcto funcionamento, tras expediente motivado pola Xunta Directiva e ratificado en Asemblea Xeral.

A baixa como persoa asociada non exime das obrigas económicas e responsabilidades que tivera contraído ata a data de baixa.

Artigo 26. Dereitos das persoas asociadas.

Os dereitos das persoas asociadas son os seguintes:

- a) Participar nas Asembleas Xerais e Extraordinarias con voz e voto.
- b) Elixir e ser elixidas para os cargos directivos.
- c) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación, e sobre a súa situación económica e patrimonial.
- d) Solicitar da Xunta Directiva a convocatoria de Asemblea Xeral de persoas asociadas, cando esta petición sexa formulada como mínimo polo 10% das persoas asociadas.
- e) Poñer en coñecemento da Xunta Directiva calquera caso, situación ou circunstancia de orixe público ou privado, que na súa opinión atente contra os fins da Asociación, podendo solicitar nese caso de aquela que emita o seu parecer.
- f) Presentar candidaturas para o nomeamento de persoas asociadas protectoras, de

honra ou colaboradoras.

- g) Facer suxestións e colaborar cos órganos de goberno da Asociación para a mellor consecución dos fins da Asociación.

Artigo 27. Deberes das persoas asociadas.

1. As obrigas das socias fundadoras e socias/os numerarias/os son;

1. Cumprir cos presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
2. Abonar as cotas que se fixen en cada caso, a excepción das/os socias/os de honra, protectoras/es e colaboradoras/es que non están obrigados a elo.
3. Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
4. Desempeñar, de ser o caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.
5. Colaborar nas Actividades e na consecución dos fins da Asociación.

CAPITULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Recursos económicos.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas das persoas asociadas, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, contratos, concursos, donativos, legados ou herdanzas que puidera recibir de xeito legal por parte das persoas asociadas ou de terceiras persoas, físicas ou xurídicas.
- c) Préstamos de calquera entidade a cargo das subvencións concedidas á Asociación.
- d) Calquera outro recurso lícito.

As cotas das persoas socias, periódicas e extraordinarias, son propostas pola Xunta Directiva e ratificadas pola Asemblea Xeral, terán efecto dende a súa aprobación e estarán vixentes ata que pola Asemblea se modifiquen, suspendan ou extingan de ser o caso.

Artigo 29. Patrimonio.

A Asociación no momento da súa constitución carece de patrimonio.

Artigo 30. Duración do exercicio.

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN

Artigo 31 Disolución.

A Asociación se disolverá voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, conforme ó disposto no artigo 22 dos presentes Estatutos.

Artigo 32. Liquidación e destino do remanente.

En caso de disolución se nomeará unha comisión liquidadora. Unha vez extinguidas as débedas, o sobranse líquido, de ser o caso, destinarase a fins que non desvirtúen a natureza non lucrativa da Asociación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

Faise constar que estes novos Estatutos da Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS) aprobáronse en Asemblea Xeral de persoas socias celebrada o día 27 de abril de 2.023, segundo consta no Acta de dita Asemblea.

M^a Inmaculada Alonso Rodríguez

PRESIDENTA

Cayetana Marín Couceiro

SECRETARIA

HISTÓRICO DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS	DATA
Estatutos, versión inicial	Marzo 2021
Modificación: domicilio social (art.4), tempo espera entre primeira e segunda convocatoria de Asembleas (art.20)	Maiο 2023

